

## **Obradoiros tecnolóxicos no CIS da Cabana**

O alumnado de 1 de ESO participou no Programa D'tec -Talleres En caída. Tecnolab e Cosendo o futuro, obradoiros que se desenvolveron no CIS da Cabana.

**Taller D'tec En caída. Tecnolab:** A actividade consistiu nunha aproximación experimental á telemetría e ao deseño. Os participantes tiveron unha dobre misión. Por unha banda, deseñar un sistema de descenso para un piloto de probas (un ovo) e polo outro, programar un sistema que lles permita recoller datos mediante telemetría, monitorizando diferentes parámetros do descenso.

**Taller D'tec Cosendo o futuro. Os e-téxtiles:** Hoxe en día estamos rodeados de materiais innovadores, que cada vez se integran máis na nosa vida cotiá. E os tecidos non escapan a esta revolución. Durante o obradoiro recibíuse unha formación básica en programación e posteriormente pasouse á fase de deseño, creando unha peza ou complemento que integrará unha placa electrónica programable e reaccionará aos estímulos que programemos (cambios de intensidade de luz, ruído, movemento...).







